

Luns, 3 de novembro de 2025

Núm. 210

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

CRITERIOS XERAIS REITORES DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO A1 E A2 (ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL), EXPTE. 1928/1102

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de outubro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar os criterios xerais reitores para a provisión mediante concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación (Escala de Administración Xeral) que se incorporan como ANEXO I e que forman parte inseparable do presente acordo.

SEGUNDO.- Ordenar a realización das publicacións nos diarios oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal e no Portal de transparencia do Concello de Vigo aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

“CRITERIOS XERAIS REITORES DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO A1 E A2 (ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL).

1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal funcionario do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado: 4 puntos.



Luns, 3 de novembro de 2025

Núm. 210

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado: 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado: 2 punto.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado: 1 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 4 puntos.

2.- Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo no Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario ou funcionaria de carreira, ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

3.- Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos)

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 1 puntos.

4.- Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos).

Valorarase a posesión de titulacións académicas oficiais, sempre que sexan distintas á requirida para o ingreso ao corpo desde o que se concursa e sexan de igual ou superior nivel académico conforme o seguinte baremo.

a) Doutoramento: 1,00 puntos.

b) Master o titulacións equivalentes correspondentes ao nivel 3 do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) (licenciatura universitaria, enxeñería, arquitectura): 0,80 puntos.

c) Grao ou titulacións equivalentes correspondentes ao nivel 2 do MECES (diplomatura universitaria, enxeñería técnica, arquitectura técnica): 0,60 puntos

f) Técnico superior: 0,40 puntos.



Luns, 3 de novembro de 2025

Núm. 210

- g) Bacharelato ou equivalente: 0,30 puntos.
- h) Graduado en ESO ou equivalente: 0,20 puntos.
- i) Certificado de profesionalidade: 0,10 puntos.

Para os efectos de equivalencia de titulacións, só se admitirán as establecidas polo Ministerio competente en materia de educación con carácter xeral, e válidas para todos os efectos, sempre que se indique expresamente a disposición en que se establece a equivalencia e o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 3 puntos.

5.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 5 puntos).

O desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación valorarase conforme se indica a continuación:

a) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo no/a mesmo/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ou postos aos que se concursa: 0,06 puntos por cada mes completo.

b) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo no/a mesmo/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ou postos aos que se concursa: 0,045 puntos por cada mes completo.

c) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo de distinto/a área/servizo/oficina/unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ou postos ao que se concursa: 0,03 puntos por cada mes completo

d) Pola prestación efectiva de servizos, con destino definitivo, adscrición provisional ou en comisión de servizos en postos de traballo de distinto/a área/servizo/oficina/ unidade administrativa do posto ou postos solicitados e de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ou postos ao que se concursa: 0,03 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 5 puntos.



Luns, 3 de novembro de 2025

Núm. 210

6.- Cursos de formación e perfeccionamento (ata un máximo de 5 puntos).

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento relacionados directamente coas funcións propias do posto ao que se aspira convocado e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificado de aproveitamento, conforme ao seguinte baremo.

Duración	Puntuación
5 a 20 h	0,10
21 a 50 horas	0,20
51 a 100 horas	0,50
101 a 150 horas	0,70
151 a 200 horas	1
Máis de 200 horas	1,5

Valorarse a superación de cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), a Axencia de Coñecemento en Saúde (Acis), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), as escolas oficiais de formación similares das restantes comunidades autónomas; universidades; os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos impartidos polas organizacións sindicais, colexios profesionais e administracións públicas, e universidades nos termos do disposto na normativa educativa que resulte de aplicación.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Igualmente, deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio, non serán obxecto de baremación os cursos básicos en materia de prevención de Riscos Laborais.

A puntuación máxima a acadar será dun máximo de 5 puntos.

7.- Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Curso de iniciación de galego, Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Curso superior de perfeccionamento de galego, Celga 4 ou equivalente: 0,75
- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 punto.



Luns, 3 de novembro de 2025

Núm. 210

- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos

CRITERIOS DESEMPATE

En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme os seguintes criterios:

1. En primeiro lugar, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría do Concello de Vigo se verifique a infrarrepresentación do sexo feminino, terá preferencia a muller.

Enténdese por infrarrepresentación cando exista no corpo, escala, grupo ou categoría unha diferenza porcentual de polo menos 20 puntos entre o número de mulleres e o de homes.

2. En segundo lugar, terán preferencia aquelas persoas funcionarias de carreira que estean adscritas con carácter provisional na data de publicación da convocatoria en relación aos postos que están adscritos.

3. En terceiro lugar, atenderase á puntuación total obtida nos méritos de necesaria valoración que son a antigüidade, a valoración do traballo desenvolvido e o coñecemento da lingua galega.

Noutros termos, atenderase a suma da puntuación obtida nos 3 méritos sinalados, de tal forma que quen teña maior puntuación global terá preferencia.

4. E por último, de persistir o empate, decidirá a maior antigüidade do persoal funcionario no Concello de Vigo."

MDG

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Alcalde

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/09/2025).- Patricia Rodríguez Calviño

